

## **AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO PÚBLICO DE LIBROS NO CURSO 2024/25**

A Consellería de Educación convocou estas axudas de xeito unificado e nunha mesma e única solicitude. Os **requisitos** son:

- Ser pai, nai, titor-a, legal do alumnado matriculado en **educación primaria** para o vindeiro curso.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha renda per capita familiar igual ou inferior a 10000 euros anuais no 2022.
- Ter devoltos os libros adquiridos coas axudas do curso 23/24. (alumnado de 3º e 4ºEP)

As **solicitudes (Anexos I e II)** presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través da aplicación **Fondolibros** ou **Chave 365**. Opcionalmente pode presentarse na Secretaría do Colexio no horario correspondente acompañada da fotocopia do Libro de familia e da documentación xustificativa necesaria. Na mesma solicitude incorporaranse todos os irmáns matriculados no centro. O prazo finaliza o venres 21 de xuño.

As contías das bolsas para adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2022, que haberá que dividir entre os membros computables (renda per cápita familiar).

### **¿A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR PRESENTANDO ESTA SOLICITUDE?**

- Alumnado de 1º e 2ºEP para o curso 2024/25:** Vale para adquisición de libros de texto e vale para material escolar.
- Alumnado de 3º e 4ºEP para o curso 2024/25:** Acceso ao préstamo de 6 ou 4 libros de texto do Fondo Público da Xunta, e vale para material escolar
- Alumnado de 5º e 6ºEP para o curso 2024/25:** Únicamente para vale de material escolar. (Utilizarán libros dixitais e ordenador portátil dentro do Proxecto Edixgal)

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola Administración, **o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda, e que serán entregados ao solicitante**, co que poderá adquirir os libros de texto no establecemento que decida, e polo importe máximo que figura nese vale (240€ ou 160€), e/ou tamén material escolar polo importe de 75€ ou 60€, se fora o caso.

Os beneficiarios do Fondo Público de Libros de Texto (3º- 4ºEP) terán dereito a recibir en préstamo, un número determinado de libros (entre 6 e 4), que dependerá dos ingresos acreditados, e ademais, **comprométense a conservar en bo estado os libros** de texto recibidos, e **deberán entregalos no Colexio ao remate do curso 2024-25**, mantendo así, o fondo público de libros de texto do Colexio.

### **ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA**

#### **- Respecto do solicitante**

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar, a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda, a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo correspondente e indicar o seu NIF/NIE.

- A discapacidade do 33% ou máis, de calquera membro da unidade familiar computará por dous.
- Non será computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- En todo caso, terase en conta a situación persoal e unidade familiar a 31 de decembro de 2022.

Para unha información máis detallada da convocatoria visitar os seguintes sitios web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre/> ou <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>